

***Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Botín, para a implantación do programa 'EDUCACIÓN RESPONSABLE'***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación Botín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2028-2029, isto é o día 31 de agosto de 2029, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Botín nas accións dirixidas á implantación do programa 'EDUCACIÓN RESPONSABLE'.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Fundación Botín está recoñecida, clasificada e inscrita polo Ministerio de Cultura como fundación cultural persoal que ten como misión xerar desenvolvemento económico, social e cultural. Para isto intervén, entre outros ámbitos, na educación, impulsando formas novas de potenciar o talento e contribuír ao avance da calidade da educación. Concretamente, desenvolve o programa *Educación Responsable*, co fin de introducir a intelixencia emocional e social e o desenvolvemento da creatividade nas aulas para optimizar a calidade da educación e promover o crecemento saudable de nenos e nenas,



proporcionando ao profesorado e ás familias os coñecementos e ferramentas necesarios para desenvolver neles as capacidades, actitudes e habilidades que lles permitan ser autónomos, competentes, responsables e solidarios, contribuíndo de maneira directa ao avance do clima de convivencia nos centros escolares. O programa Educación Responsable recolle as liñas de actuación da Fundación Botín no ámbito educativo.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo do desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, dirixido a alumnado con idades comprendidas entre 3 e 16 anos, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

